

I.- ACENTUACIÓN.

Hai que ter en conta:

- 1.- Acentuación de agudas, graves e esdrúxulas.
- 2.- I, U (ditongo/hiato).
- 3.- Algunhas consideracións.
- 4.- Til diacrítico.

1.- ACENTUACIÓN DE AGUDAS, GRAVES E ESDRÚXULAS.

	Levan til as palabras rematadas en:	DIFICULTADES
Agudas	Vogal, -n, -s.	Os ditongos neste contexto: Ditongos decrecentes (e homoxénos)→ non levan til: bacallau, papeis, bocoi, azuis. Ditongos crecentes: levan til→ ia: ancián, anciá / ie: noiés, hendaiés / io: canción, avión / ua: zaguán.
Graves	Consoante distinta de n, s. Doutro xeito: Levan acento todas as palabras graves agás as rematadas en vogal, -n, -s.	Palabras como bíceps, fórceps (grupo PS)→ Levan acento. Doutro xeito: Levan til as palabras graves rematadas en grupo consonántico distinto de ns: bíceps, fórceps, (tm. cómics, álbums...)
Esdrúxulas	Levan til todas as palabras esdrúxulas.	

2.- I, U (ditongo/hiato).

Levan til para “romper” o ditongo: pais←→país. Así, saída, Raúl, súa, acentúa, miúdo, xuíz, diúrno...

3.- ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS.

Letras maiúsculas	Seguen as regras xerais→ AS LETRAS MAIÚSCULAS ACENTÚANSE.
Nomes propios	Seguen as regras xerais→ Álvaro, Óscar, Lucía, Antía, África, América.
Estranxeirismos e latinismos	Seguen as regras xerais→ sándwich, bádminton, smóking, béisbol, párkinson / accésit, quórum, réquiem.
Palabras compostas unidas por un guión	Funciona cada palabra de maneira independente→ inglés-alemán, galego-portugués, económico-social.
Adverbios rematados en -mente:	Non levan til→ rapidamente, dificilmente.
Verbos con pronomes enclíticos	Dixeron+lle→ Dixéronlle (ao engadir o pronome a palabra transfórmase en esdrúxula: como tal, leval til). Verbos con acento diacrítico: manteñen o acento→ Dá pena / Dáme pena.
Monosílabos	Non se acentúan→ fe, si (afirmación), la (da ovella).
Interrogativos e exclamativos	Non se acentúan→ Que dis? Como fala! Tampouco se acentúan os demostrativos.

4.- TIL DIACRÍTICO.

á (a + a artigo; subst.)	a (artigo; pron.; prep.)	*As dúas abertas
ás (a + as artigo; subst.)	as (artigo; pron.)	
bóla ('esfera')	bola (peza de pan)	
cá (ca + a)	ca (conx.)	
cás (ca + as)	cas (prep.)	
chá ('plana')	cha (che + a)	
chás ('planas')	chas (che + as)	
có (ca + o)	co (con + o)	
cómpre ('é mester')	compre ('merque')	
cómpren ('son mester')	compren ('merquen')	
cós (ca + os; subst.)	cos (con + os)	
dá (pres. e imp. de dar)	da (de + a)	
dás (pres. de dar)	das (de + as)	
dó ('compaixón')	do (de + o)	
é (pres. de ser)	e (conx.)	
fóra (adv.)	fora (antepret. de ser e ir)	
má ('ruín')	ma (me + a)	
más ('ruíns')	ma (me + as)	
maís (adv. e pron.)	mais (conx.)	
más ('ruíns')	mas (me + as)	
nó (subst.)	no (en + o)	
nós (pron. tónico; pl. de nó)	nos (pron. átono; en + os)	
ó (a + o)	o (artigo; pron.)	
ós (a + os)	os (artigo; pron.)	
óso (do corpo)	oso (animal)	
pé (parte do corpo)	pe (letra)	
póla ('rama')	pola ('galiña'; por + a)	*As dúas pechadas
pór ("poñer")	por (prep.)	
présa ("apuro")	presa ("prendida"; "presada")	
sé ("sede eclesiástica"; imp. de ser)	se (conx.; pron.)	*As dúas pechadas
só (adv. e adx.)	so (prep.)	
té ("infusión")	te (pron.; letra)	
vén (pres. de vir)	ven (pres. de ver; imp. de vir)	
vés (pres. de vir)	ves (pres. de ver)	
vós (pron. Tónico)	vos (pron. Átono)	

Tirado de *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Real Academia Galega (pp. 29-30)

II.- AS MAIÚSCULAS.

- Ao comezo do escrito e despois de punto. *Era tarde. Non chegara.*
- **Nomes propios** (de persoa, apelidos, alcumes, de animais, de lugares, etc.)
- **Nomes de barrios e rúas:** *rúa Real, praza de Armas.*
- **IAEECM**→ Institucións, asociacións, equipos, empresas, comercios, marcas→ Maiúscula nos substantivos e adxectivos destes nomes: *Museo do Pobo Galego, Racing de Ferrol, Unión Fenosa, panadería La Nueva...*
- **Títulos de libros, películas, obras artísticas**→ Maiúscula na primeira letra: *Follas novas, O señor dos aneis, As catro estacións.*
- **Abreviaturas de formas de tratamento**→ *D.^a, Sr., Sra.*
- **Siglas**→ Todas as letras: *ONU, ESO.*

Uso de maiúsculas/minúsculas (máis completo): cf. nota final ⁱ. Práctica: Nota finalⁱⁱ

III.- PUNTUACIÓN (MÍNIMOS).

USO DO PUNTO

- Indica unha pausa longa.
- Tipos:
 - Punto e seguido: separa as oracións.
 - Punto e á parte: separa parágrafos.
 - Punto final: remata o escrito.
- Hai que poñer punto despois das **abreviaturas**: *D., Sra., etc., pág.*

USO DA COMA

Indica unha pausa breve. Úsase -obrigatoriamente- nos seguintes casos:

- **Enumeracións:** *Trouxo peras, limóns, plátanos e laranxas.*
- **Aclaracións:** *Superman, o heroe máis famoso do cómic, naceu en 1938.*
Ese tramo de texto podería ser suprimido sen alterar o sentido (porque é unha aclaración). Neste caso tamén se poderían utilizar parénteses ou raias:
Superman (o heroe máis famoso do cómic) naceu en 1938. / Superman -o heroe máis famoso do cómic- naceu en 1938.
- **Vocativos:** *Lucía, quero que gañes. Ten cuidado, Luís.*
- Antes e despois de ***é dicir, ou sexa, isto é, en efecto, por último...***
Fran aínda non cumpriu os dezaioito anos, é dicir, non é maior de idade.
- Para separar **lugar e data**: *Ferrol, 3 de febreiro de 2010.*

USO DO PUNTO E COMA

Indica unha pausa máis longa cá coma pero máis curta có punto. Úsase:

- En **determinadas enumeracións**:
Envía o currículo cos seguintes datos: nome, apelidos e DNI; estudos e cursos realizados; traballos desenvolvidos e empresas nas que estiveches; enderezo, teléfono e correo electrónico. Mete na maleta o seguinte: un vestido, unha camisa e un pantalón; o xampú, o cepillo de dentes e o peite; un libro, dous bolígrafos e o portátil.
Como podes comprobar, nas enumeracións anteriores non todos os elementos son do mesmo tipo: separámoslos con punto e coma para crear “grupos”.
- Outras veces o seu uso é opcional: marcaría unha pausa intermedia entre a coma e o punto.

USO DOS PUNTOS SUSPENSIVOS

Indican que queda algo sen dicir. Úsanse:

- Cando non se citan todos os elementos dunha serie (no canto de etc.) → *Estaban Pedro, María, Luís...*
- Cando se sobreentende o que falta: *Máis vale que caledes, que se non...*
- Para crear suspense, intriga: *Estou lendo unha novela de misterio. Penso que descubrín o asasino...*
- Nas citas textuais, para non reproducir todo o texto: “*Que din os rumorosos (...) monótono fungar*”.

USO DOS DOUS PUNTOS

- Nas **cartas**, despois do saúdo:
Querida Cristina:
Recibín a carta que me enviaches no correo de onte.
- Antes das **enumeracións** (non en todas). *Alí estaban todos: Alfredo, Luís, María...*
Nalgunhas enumeracións non se poñen os dous puntos → *Trouxo peras, limóns, plátanos e laranxas.*
- Antes dunha **cita** ao pé da letra → *Pedro dixo: “Sae de aí”.*
- Substituíndo a “polo tanto”, “por conseguinte”...: *Estás canso: é mellor que marches.*

USO DAS PARÉNTESIS

- En **aclaracións, explicacións e comentarios** (cf. uso de coma e guión para aclaracións) → *Superman (o heroe máis famoso do cómic) naceu en 1938.*
- **Datos complementarios**, como significados de siglas, datas, etc. → *Estou en 1º da ESO (Educación Secundaria Obrigatoria).*

USO DO GUIÓN / RAIA

- En **palabras compostas**, para separar os dous elementos → *galego-portugués, maníaco-depresivo.*
- En **datas, páxinas** → *Curso 2009-2010 / PP. 34-45.*
- En **aclaracións, explicacións e comentarios** (cf. uso de coma e de parénteses para aclaracións²) → *Superman -o heroe máis famoso do cómic- naceu en 1938.*
- Nos diálogos:
 - a) Antes da intervención de cada personaxe.
 - b) Para separar os comentarios do narrador.
–Estás contento? –preguntou o rei.

Práctica: Nota final ⁱⁱⁱ

² Importante.- As parénteses **minimizan** a pasaxe que encadran. Os guións **valorizan** a pasaxe que encadran.

IV.- USO DE H, B/V, I/LL/X^{iv}.

Uso de H.

GALEGO	CASTELÁN	ÉTIMO (PROCEDENCIA)
Harmonía	armonía	Lt. HARMONÍA
Harmónico	Armónico	
Harmonio	armonio	
Harpía	Arpía (inglés harpy)	Lt. HARPYA
Hasta	Asta (pau para suxeitar)	Lt. HASTA
Helena	Elena (inglés Helen)	Grego HELENE
Henrique	Enrique (inglés Henry)	
Aí	Ahí	
Alá!	¡Hala!	
Ata	Hasta (preposición)	
Baía	Bahía	
Inchar	hinchar	Lt. INFLARE
inflar	inflar	
Irmán	hermano	
Oco	Hueco	Lt. OCCARE
Ola!	¡Hola!	
Ombro	Hombro	
orfo	Huérano	Lt. ORPHANUS
Óso	Hueso	Lt. OSSUM
Ovo	Huevo	Lt. OVUM
Alcol, alcohol	alcohol	

- En galego, en xeral, as palabras escríbense con H ou sen H de acordo coa súa orixe.
- Observa as palabras do cadro: tes que saber como se escriben en galego e en castelán. Non é necesario saber o étimo.
- Só hai que saber as palabras do cadro.
- Non confundas: ata/hasta (exercicio 5), aí/hai/ai! (exercicio 6).

Uso de B/V

GALEGO	CASTELÁN	ÉTIMO (PROCEDENCIA)
Abelá	avellana	
Bafo	vaho	Onomatopoeia baf
Marabilla	maravilla	Lt. MIRABILIA
Móbil	móvil	Lt. MOBILIS
Nobelo	ovillo	Lt. GLOBELLUS
Rebentar	reventar	
Ribeira	Ribera	
Acevo/acivro	Acebo	Lt. ACIFOLIUM
Avó	abuelo	Lt. Vulgar AVIOLUS
Avogado	abogado	Lt. ADVOCATUS
Chuva	chubasco	Do portugués Chuva
Covarde	cobarde	Do francés couard
Escaravello	escarabajo	
Estevo	Esteban	
Garavanzo	garbanzo	
Gravar	grabar	Do francés graver
Gravata	corbata	
Pavillón	pabellón	Do francés antigo paveillon

Trevo	trebol		
Varanda	Baranda		
Varrer	Barrer	Lt. verrere	
Verniz	barniz		
Voda	boda	Latín vota, plural de votum “voto, promesa”.	
Voitre	buitre	Lt. VULTUR, VULTURIS	
Vulto		Lt. VULTUS	

- En galego, en xeral, as palabras escríbense con B ou V de acordo coa súa orixe.
- Observa as palabras do cadro: tes que saber como se escriben en galego e en castelán. Non é necesario saber o étimo.
- Hai que saber as palabras do cadro e as que seguen:
 - Escríbense con B en galego: baldeiro/baleiro, beira, billa, bolboreta.
 - Escríbese con V en galego: esvarar, vasoira, vermello.
- Non confundas: valor/balor, rebelarse/revelar, botar/votar, abalar/avalara (exercicio 5, páx. 185).

Uso de I, LL, X

GALEGO	CASTELÁN	GALEGO	CASTELÁN
Apoio	Apoyo	Maionesa	Mayonesa
Boia	Boya	Maíor	Mayor
Desmaio	Desmayo	Papagaio	Papagayo
Ensaio	Ensayo	Praia	Playa
Escaiola	Escayola	Raia	Raya
Iate	Yate	Raio	Rayo
Iogur	Yogur	Saia	Saya, falda
Ioio	Yoyó	Xoia	Joya
Maio	Mayo		
Abella	Abeja	Espello	Espejo
Agulla	Aguja	Estropallo	Estropajo
Alleo	Ajeno	Filla	Hija
Allo	Ajo	Folla	Hoja
Antollo	Antojo	Lentellas	Lentejas
Aparellador	Aparejador	Navalla	Navaja
Atallo	Atajo	Ollo	Ojo
Baralla	Baraja	Orella	Oreja
Burbulla	Burbuja	Palla	Paja
Cella	Ceja	Parella	Pareja
Coello	Conejo	Pallaso	PAYASO
Concello	Concejo, concejal	Semellar	Semejar
Encrucillada	Encrucijada	Sortella	Sortija
Escaravello	Escarabajo	Tella	Teja
Inxección	Inyección	Xema	Gema
Proxecto	Proyecto	Xenro	Yerno
Traxecto	Trayecto	Xeso	Yeso

- Observa as palabras do cadro: tes que saber como se escriben en galego e en castelán.
- Só hai que saber as palabras do cadro.

As palabras das familias léxicas. Escríbense igual que a palabra base. P.e.: Harmonía→ harmonioso, harmonizar / irmán→ irmandade / marabilla→ marabilloso / covarde→ covardía, etc.

NOTAS FINAIS. ANEXOS.

i

II.- USO DE MAIÚSCULAS / MINÚSCULAS		
1	Nomes / apelidos Sobrenomes / alcumes	Moncho Viñas. Luís de la Torre / Dr. De la Torre, Sr. De la Torre. Sobrenomes: maiúscula. Pedro I, o Cruel; Isabel a Católica; Cibrán, o Castizo. Animais, obxectos personalizados: a vaca Marela, a espada Excalibur, o Grial Dinastías e liñaxes. Maiúscula, designados polo apelido / minúscula, polo xentilicio: estudan a política dos Austrias / os califas almorábides.
2	Formas de tratamento	Abreviaturas: sempre maiúscula. Ilmo., Excmo., Sr., Sra., D., Da., Vde., Dr., Dra.: D Luís, o Sr. Pedro, a Dra. Senra, Sta. Marta... Minúscula, cando preceden ó nome propio e non aparecen abreviadas: chegaron sor Camila, don Luís, o señor Pedro e o conde de Altamira; estatua de santa Marta. Maiúscula: formas de especial cerimonia. Excelentísimo e Magnífico Rector; a Ilustre Señora Dávila.
3	Topónimos Demarcacións Divisións territoriais Comarcas	Santiago de Compostela . Aí está A Coruña, pero "Universidade da Coruña". as Rías Baixas, o Condado, as Mariñas o Principado de Andorra o Terceiro Mundo, o Oriente Medio Nota: se calquera destas formas vai precedida dun substantivo que indique a amplitude da súa extensión, este debe escribirse con minúscula: provincia da Coruña, comarca das Rías Baixas, diocese de Mondoñedo-Ferrol, concello de Ferrol, a vila de Pontedume...
4	Rúas, prazas, vías	rúa da Senra, a praza de España, a praza Roxa, a estrada de Castela, o paseo da Ferradura, a avenida de Esteiro...
5	Accidentes, lugares xeográficos	o océano Atlántico, o mar Cantábrico, a ría de Ferrol, o porto de Ferrol, a península do Morrazo, o cabo Prior, a illa de Ons..., pero o litoral atlántico, a costa mediterránea...
6	Empresas	Todo en maiúscula, agás as preposicións: Adegas As Eiras, Sotelo Blanco Edicións, Edicións Xerais de Galicia, Caixa de Aforros de Galicia, Banco Pastor...
7	Modelos de coches, motos, trens... Marcas comerciais Denominacións de orixe	Maiúscula: un Renault, unha Derby. un Terras Gauda, unha copa de Martín Códax, o deterxente Skip, o suavizante Mimosin, ponme un Chivas e a el un Martini. Mercou Queixo de Arzúa, Pementos de Padrón e Tenreira Galega.
8	Comercios	Maiúscula en todos os compoñentes: Quedaron en O Cabazo; merca en O Máis Barato... Nota.- Se estes nomes levan un substantivo que especifique o tipo de edificio de que se trata, este vai en minúscula: Quedaron na taberna O Cabazo; a panadería La Nueva; restaurante Casa Manolo; o centro comercial Odeón.
9	Edificio singular Sede de institución social, cultural ou política Centro de ensino	Maiúscula: Auditorio de Galicia, a Casa do Patín, a Casa da Parra, a Casa do Concello, a Casa das Ciencias, o Museo do Pobo Galego, o Instituto Sofía Casanova... Nota: Visitaron o castelo de Andrade e o mosteiro de Caaveiro.
10	Discos, libros, películas, cadros, esculturas	Maiúscula só na palabra inicial: <i>A esmorga</i> , <i>Mar adentro</i> ...
11	Publicacións periódicas Coleccións	Maiúscula en todas as palabras, agás preposicións e artigos interiores: <i>A Nosa Terra</i> , <i>La Voz de Galicia</i> , "Biblioteca Básica da Cultura Galega". Nas partes ou seccións destas, maiúscula só na primeira palabra: a sección "Á marxe" en <i>La Voz de Galicia</i> .

12	Feitos históricos Festividades	Maiúscula en todos os compoñentes, agás artigos e preposicións: a Primeira Guerra Irmandiña, a Segunda República, a Revolución Francesa. o Primeiro de Maio, o Venres Santo, a noite de San Xoán, o Día da Patria Galega, o Día das Letras Galegas.
13	Movementos artísticos e culturais	Maiúscula, cando designan o movemento: o Gótico, o Barroco, o Rexurdimento, o Modernismo... Minúscula, cando funcionan como cualificativos: o estilo gótico, a igrexa barroca, o poesía modernista...
14	Planetas, astros, satélites, constelacións	Maiúscula: Xúpiter, Venus, a Vía Láctea, o Setestrela... Nota: terra, lúa, sol. Diferenza: referencia á astronomía, maiúscula; para outros usos, minúscula. A Terra é un planeta / Toda a terra está en perigo. A Lúa é un satélite / hai lúa chea. O Sol é unha estrela / é o sol de inverno.
15	Deuses Signos do zodíaco	Minerva, Saturno, Buda, Alá, Deus, Xehová... Libra, Xémini, Capricornio: a Balanza, os Xemelgos, o Carneiro... (tamén maiúscula a referencia ós seus compoñentes).
16	Cursos, seminarios	Maiúscula a inicial do primeiro nome: Curso de adaptación pedagóxica, Seminario de dereito penal.
17	Congresos, simposios, xornadas	Maiúscula en todas as palabras, agás artigos e preposicións: Cursos de Verán 2006, Congreso Internacional de Lingüística Xeral.
18	Competicións, campionatos, actividades ou actos instituídos ou regrados	Maiúscula en todas as palabras, agás artigos e preposicións: Xogos Olímpicos do 92; o Mundial de Atletismo; a Copa de Europa de Taekwondo; aa segunda edición do Encontro de Xogos Populares.
19	Cargos oficiais	Maiúscula, cando van precedidos de formas protocolarias de tratamento: Señora Delegada; Sr. Director Xeral; o Sr. Alcalde. Minúscula, acompañados do nome propio, dunha expresión que o substitúe ou cando non levan ningún tratamento: o presidente do Goberno; o presidente Zapatero; o director xeral de Política Territorial, o alcalde de Ferrol, o profesor López, o xuíz Garzón, a deputada autonómica.
20	Documentos Carnés	Trae a carta de estudante e o número de identificación fiscal. Déronlle o carné de conducir e o carné de manipulador de alimentos.
21	Materias, disciplinas, ciclos	Minúscula: ofrecen preescolar e ensino secundario obrigatorio. Aprobou matemáticas / É licenciado en matemáticas. Doutorouse en medicina / Estudou a carreira de medicina.
22	Divisións temporais	Minúscula: os luns e martes; o mes de xaneiro; durante o outono .
23	Puntos cardinais	Minúsculas: ó norte da Coruña; ó leste de Lugo. Maiúscula en abreviatura ou formando parte dun nome de lugar: NO, África do Sur, América do Norte.
24	Siglas, acrónimos, números romanos	Maiúscula. Traballa en FENOSA; a RAG aprobou as novas normas no 2003; o XVIII congreso celebrábase no século XXI.
25	Institucións oficiais, organismos, órganos de xestión, entidades, empresas	Maiúscula: designan entidade formalmente constituída. a Consellería de Economía o Concello de Santiago o Xulgado de Primeira Instancia a Xunta Directiva do Deportivo o novo Museo Etnográfico o grupo do Partido Popular Minúscula: cando se nomea unha institución xenérica ou se trata dun plural aglutinador. as consellerías pararon o concello non aceptou ir ó xulgado a reunión da xunta directiva Nota.- Se en lugar da designación oficial usamos un correferente, este escríbese con minúscula: a cámara galega (o Parlamento).

26	Entidades relixiosas, xurídicas e políticas.	Maiúscula: entidades formalmente constituídas ou dispoñen de infraestrutura consolidada. a Igrexa católica a Administración galega o Exército americano o Estado español a Universidade da Coruña as oposicións en Xustiza o Parlamento galego Nota importante: o adxectivo que acompaña vai en minúscula.	Minúscula: designacións xerais. Vai á igrexa O mundo da administración Desertou do exército É unha cuestión de estado Entrou na universidade Acode á xustiza Os parlamentos adoptaron...
27	Documentos oficiais / legais	Maiúscula só na primeira palabra (e nos nomes propios que formen parte del): o Informe da Comisión de Saúde a Proposición non de lei a Lei 3/1983 sobre a regulamentación audiovisual o Estatuto de Autonomía de Galicia Minúscula: partes xenéricas de obras ou documentos legais→ título primeiro, artigo 14...	Minúscula, empregados de xeito común: Presentaron un informe. Fixo unha proposición ó ... Non se axusta á lei A reforma dos estatutos.
Nota	a) Nos dígrafos (ch, gu, ll, qu) só se escribe con caixa alta a 1ª letra. b) Preposición + artigo (en maiúscula): non contrae. c) Textos xurídicos/administrativos:	Llama: mamífero rumiante de América do Sur. Chamábase Luís. Subscribiuse a O Correo Galego; o argumento de <i>A esmorga</i> . v. SOLICITA, EXPÓN en maiúscula.	Excepción: artigo dos topónimos si contrae. Vive na Coruña. Festas no Rosario.

Datos tirados de Hermida Gulías, C. (2001): *Ortografía práctica*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.

ii PRÁCTICA.

Uso das maiúsculas.

Pon maiúscula ou minúscula onde proceda. Xustifica cada caso.

Uso das maiúsculas / minúsculas. Corrixe as palabras subliñadas (poñendo maiúscula ou minúscula).

Explica a razón.

Chámanlle o <u>pelandrusco</u> .	Alcume	Maiúscula.
O teu can chámase <u>rex</u> .	Nome propio de animal	Maiúscula
Viven na <u>rúa real</u> e na <u>praza</u> de <u>armas</u> .		
Vive nas <u>illas canarias</u> , no <u>océano atlántico</u> .		
Traballa no <u>museo do pobo galego</u> .		
O seu equipo é o <u>atlético de madrid</u> .		
Trouxo unha bolsa de <u>zara</u> .		
Compra o pan en <u>panadería la nueva</u> .		
Tomou unha <u>fanta</u> .		
Escribiu <u>cartas de inverno</u> .		
Foi ao cine ver <u>foise co vento</u> .		
Chamou a <u>d.</u> Luís, a <u>dna.</u> Rosa e ao <u>dr.</u> Fernández.		
Chamou a <u>don</u> Luís, a <u>dona</u> Rosa e ao <u>doutor</u> Fernández.		
Estuda no <u>ies</u> Sofía Casanova 1º de <u>eso</u> .		
Hai feira os <u>venres</u> do mes de <u>xullo</u> .		
O <u>presidente</u> do equipo chámase...		

iii PRÁCTICA.

Signos de puntuación 1. O punto. Signos de interrogación e admiración.

Casos:	Levan punto?	Exemplos
Abreviaturas	Si	Sra.
Símbolos internacionais: Unidades de medida Moedas Puntos cardinais		
Siglas		
Hora-minutos		
Despois de signo de interrogación/admiración		
Despois dunha abreviatura que leve un punto (p.e. etc.)		
Despois de puntos suspensivos		

Onde se colocan –en galego- os signos de interrogación e de admiración?

Signos de puntuación 2. A coma. O punto e coma.

Casos:	Levan coma?	Exemplos
1.- Enumeracións.		
2.- Aclaracións.		
3.- Vocativos.		
4.- Para separar lugar-data.		
5.- Para separar nos enderezos rúa-praza e número.		

- Doutro xeito. Úsase coma en 1, 2, 3, 4, 5.
- Cando é realmente necesario o punto e coma?

Signos de puntuación 3. Os dous puntos. Os puntos suspensivos.

Casos:	Úsanse:	Exemplos
Nas cartas, despois do saúdo.	:	
Antes dunha enumeración.		
Antes dunha cita ou de palabras textuais.		
En lugar de etc.		
Cando a frase non está rematada.		

iv **USO DE H**

harmonía < <i>lat harmonia</i>	 port:harmonia	 cast: armonía	 ingl: harmony	 alem: Harmonie
harpía < <i>lat harpya</i>		 cast:arpía	 ingl: harpy	 alem: Harpye
hasta < <i>lat hasta</i>		 port: haste	 cast: asta	
achar < <i>lt. Afflare</i> hallar				Cast.
aí < <i>De a- e o ant. hi / y, en tal lugar.</i>				Cast. ahí.
alelí < <i>ár al-jairī</i>		 port: aleli	 cast: alelí/alhelí	
ata < <i>ár hatta</i>		 port: até	 cast: hasta	
baía < <i>fr baie</i>		 port: baía	 cast: bahía	 ingl: bay
inchar < <i>lat inflare</i>	port: inchar	 cast: hinchar	 ingl: to inflate to inflate	 alem:
irmán -má < <i>frater germanu</i> 'irmán carnal'				Cast. hermano
oco -ca < <i>lat occare 'gradar a terra'</i>		 port: oco -ca	 cast: hueco -ca	
ombro, ombreiro < <i>lat umeru</i>		 port:ombro	 cast: hombro	
orfo -fa < <i>lat orphanu</i>	 port:orfão -ã	 cast: huérfano -na	 ingl: orphan	
óso < <i>lat v *ossu</i>		 port:osso	 cast:hueso	
ovo < <i>lat ovu</i>		 port:ovo	 cast: huevo	
truán < <i>fr. Truand.</i>				Cast. Truhán.
úmero < <i>lat umeru 'ombreiro'</i>	 port: úmero	 cast: húmero	 ingl: humerus	

USO DE B/V

abelá < <i>lat [nux] abellana 'noz de Abella, cidade da Campania'</i>	 port:avelã	 cast: avellana
bafo < <i>orixe onomatopeica</i>	 port: bafo	 cast: vaho, hedor, tufo, aliento
beira < <i>lat v baria 'ribeira'</i>	 port: beira	 cast: orilla
marabilla < <i>lat mirabilia</i>		cast:maravilla
móbil < <i>lat mobile</i>	port: móbil	cast: móvil  ingl: mobile



nobelo < <i>lat globellu, dim de globu 'bóla'</i>	 port: novelo	 cast: ovillo		
rebentar < <i>lat v *repentare < lat repente</i>	 port: rebentar	 cast: reventar		
acevo/acivro < <i>lat v *acifoliu < acu 'agulla' + folia</i>	 port: azevinho	 cast: acebo		
avó < <i>lat. vulg. *aviolus</i>	Cast. abuelo.			
avogado < <i>advocatus.</i>	Cast. abogado			
chuvasco < <i>chuvia</i>	 port: chuveiro	 cast: chubasco		
covarde < <i>fr couard</i>	 port:cobarde	 cast: cobarde	 ingl: coward	
escaravello < <i>lat v *scarafaiu, variante do lat scarabaius</i>	 port: escaravelho	 cast: escarabajo		
escarvar < <i>lat tardío scarifare</i>	 port: escarvar	 cast: escarbar		
gravar < <i>fr graver</i>	 port: gravar	 cast: grabar	 ingl: to engrave	 alem: gravieren
gravata < <i>fr cravate</i>	 port:gravata	 cast: corbata	 ingl: tie	 alem: Krawatte
louvar < <i>lat laudare</i>			 port: louvar	 cast: loar
pavillón < <i>fr antigo paveillon</i>	 port:pavilhão	 cast: pabellón	 ingl: pavilion	 alem: Pavillon
trevo < <i>lat trifoliu</i>	Cast. trébol			
varanda < <i>sánschr varanda?</i>	De or. indoeuropeo; cf. sánschr. <i>varanda</i> , barreira.		 port:varanda	 cast: baranda
varrer < <i>lat verrere</i>			 port:varrer	 cast: barrer
vasoira < <i>lat *versoria < lat versus, p p de verrere</i>	 port: vassoura, vassoira	 cast:escoba (Do lat. <i>scopa</i>).		

vermello -lla < <i>lat vermiculu</i>	 port:vermelho -lha  cast: rojo -ja
verniz < <i>baixo lat veronīce, polo fr antigo verniz, actual vernis</i>	 port: verniz  cast: barniz  ingl: varnish
voda < <i>lat vota</i>	 port: boda  cast: boda
voitre < <i>lt. vultur, -uris. buitire.</i>	Cast.
vulto < <i>lat vultu</i>	 port:vulto  cast: bulto

Galego	Étimo	Exemplos
b	B, BB, -P-	marabilla<mirabilia, ribeira<riparia
v	V, -F-, -PH-	avogado<advocatu, Estevo<Stephanu

“(...) grafía etimolóxica: *b* cando a palabra latina tiña B, BB ou -P- e *v* cando tiña V, -F- e -PH-“.

Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (p. 19).